

Santiago de Compostela a 31 de Agosto de 2017

Estimado/a amigo/a:

Gustaríame presentarche a nosa oferta educativa para o vindeiro curso 2017/2018 en **ESTUDIO, escola de música**. **O prazo de matrícula ábrese o día 1 de Setembro e remata o día 22 do mesmo mes.**

As novidades no profesorado atópanse este ano na área de **Guitarra** coa incorporación de **Marcos Teira**, licenciado por Codarts (Rotterdam) que impartirá Guitarra Flamenca e Combo Flamenco-Jazz, e na área de **Baixo** na que se incorpora **Rafael Morales**, titulado superior polo Conservatorio de Amsterdam. Tamén contamos como novo profesor de voz con **Xabier Mera**, director do **Coro de ESTUDIO, escola de música**, actividade gratuita e aberta para todos. Un novo curso destinado a cantantes, letristas e compositores de cancións é o presentado por **Mark Wiersma** (Universidade de California), **Songwriting**.

Na área de Nenos mantéñense **Patricia Cupeiro** e **Saúl Cacharrón**. Queremos destacar dentro do programa educativo as actividades de **Orquesta Orff** e **Coro** pola importancia que teñen dentro do desenvolvemento musical dos máis novos (ambas actividades gratuitas).

Xa sabedes tamén que os rapaces entre 13 e 17 anos poden participar no **Coro Xuvenil**, dirixido por **Saúl Cacharrón**. Ademais na nosa escola contamos con outras agrupacións musicais como a **Orquesta Xuvenil**, con **José Nine** como director, ou os **combos de diferentes estilos** dirixidos por docentes do Diploma Profesional.

Mantéñense as **Becas Alberto Cereijo**, das que aportaremos toda a información ó comezo do curso.

Na nosa plataforma ESTUDIO Online (<http://online.escola-estudio.com>) ofertamos cursos que se poden facer de forma non presencial e que teñen a mesma validez que os presenciais.

Como é habitual nestes últimos anos, faremos no noso **Estudio de Gravación** un **CD de Fin de Curso** como proxecto final e complementario da formación dos nosos alumnos. Por outra parte, seguiremos promovendo os **intercambios** con diferentes escolas, coa finalidade da convivencia, interacción e enriquecemento dos músicos máis novos.

Na nosa páxina web (www.escola-estudio.com) podes atopar información actualizada do novo curso e de cursos anteriores.

Sen nada máis que comunicarche polo de agora, recibe un agarimoso saúdo.



Suso Atanes
Director de **ESTUDIO, escola de música**

Neira de Mosquera, 7 – 15702 Santiago de Compostela – Tel.: 981 561 895

Web : www.escola-estudio.com email: info@escola-estudio.com